

ACTA Nº 09/2011

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2011.

ORDE DO DÍA

- 1.- Renuncia Concelleiro Arturo González Pérez.
- 2.- Dación de contas sobre resolucións da Alcaldía relativas á organización municipal: delegacións, conformación da Xunta de Goberno Local e nomeamento de tenentes de alcalde e dación de contas da constitución dos grupos políticos municipais.
- 3.- Modificación se procede do Regulamento Orgánico Municipal (R.O.M).
- 4.- Modificación se procede dos Estatutos do Padroado Municipal Beiramar.
- 5.- Modificación se procede das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para 2011.
- 6.- Proposta da Alcaldía sobre asignación de dedicacións exclusivas e parciais.
- 7.- Proposta da Alcaldía sobre creación, composición e réxime de reunións das comisións informativas e Xunta de Goberno do Padroado Beiramar.
- 8.- Proposta da Alcaldía sobre periodicidade de sesións do Pleno do Concello.
- 9.- Proposta da Alcaldía sobre representantes municipais nas Xuntas de Compensación e Mancomunidade.
- 10.- Proposta da Alcaldía sobre representantes municipais na Mesa Local de Comercio.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Na Casa do Concello de Moaña a 30 de xuño do 2011, sendo as 20:05 horas, reúnenos os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo

Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno extraordinario, anunciado para o día de hoxe.

Antes de comenzalos asuntos incluídos na Orde do día, o Sr. Alcalde sinala que é o primeiro Pleno da nova lexislatura, o Pleno extraordinario sobre a organización municipal. Como é unha sesión extraordinaria non haberá quenda de rogos e preguntas.

1.- RENUNCIA CONCELEIRO ARTURO GONZÁLEZ PÉREZ.

O Sr. Alcalde procede á lectura da proposta de Alcaldía:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA AO PLENO DO CONCELLO.

Asunto: COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO PRESENTADA POR DON ARTURO GONZÁLEZ PÉREZ.

Visto o escrito presentado en data 14 de xuño de 2011 polo Concelleiro Don Arturo González Pérez, mediante o cal renuncia á súa condición de Concelleiro do Concello, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación, celebrada o día 11 de xuño, como consecuencia de ser proclamado electo tras o proceso electoral ao que concorreu coa candidatura presentada polo PSG-PSOE, na cal ocupaba o posto número dous, e de conformidade co previsto na lexislación electoral e do réxime local, así como na Instrución da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de data 10 de Xullo de 2003, a Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por Don Arturo González Pérez á súa condición de Concelleiro do Concello de Moaña e a todos os demais cargos que detenta en virtude desta condición.

Segundo.- Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de que se expida pola mesma a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, que segundo os datos que obran no Concello é Dona Marta Freire Riobó, candidato que ocupa o posto número tres na lista electoral do PSG-PSOE nas eleccións locais de 2011.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que non vai entrar a valorar as causas que motivaron a renuncia. Paréceme oportuno, o día que se entregaron os títulos do segundo obradoiro de emprego do Patronato, obradoiro que xestionou Arturo, dando necesidade a unha necesidade formativa importante, destacar a entrega de Arturo González como Presidente do Patronato e a súa dedicación no desempeño na súa actividade no Patronato.

O Sr. Alcalde afirma que pola mañá se fixo esa presentación. Por parte deste Alcalde quero agradecer a labor de Arturo González na pasada lexislatura.

Non hai máis intervencións e o Alcalde somete a votación a proposta, aprobándose, por unanimidade dos Concelleiros asistentes, os seguintes acordos:

Primeiro.- Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por Don Arturo González Pérez á súa condición de Concelleiro do Concello de Moaña e a todos os demais cargos que detenta en virtude desta condición.

Segundo.- Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de que se expida pola mesma a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, que segundo os datos que obran no Concello é Dona Marta Freire Riobó, candidato que ocupa o posto número tres na lista electoral do PSG-PSOE nas eleccións locais de 2011.

2.- DACIÓN DE CONTAS SOBRE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA RELATIVAS Á ORGANIZACIÓN MUNICIPAL: DELEGACIÓNS, CONFORMACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DACIÓN DE CONTAS DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

O Sr. Alcalde sinala que unicamente se trata de dar conta da aprobación destas resolucións ante o Pleno:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 331/2011

Nomeamento de Tenentes de Alcalde

De conformidade co previsto no artigo 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), o artigo 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e os artigos 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG), é atribución do Alcalde o libre nomeamento e cesamento dos Tenentes de Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno.

Previo cumprimento do establecido na citada lexislación, RESOLVO:

PRIMEIRO .-Nomear aos seguintes señores/as tenentes de alcalde e na orde que se determina de seguido:

Primeiro Tenente de Alcalde: Dna. Susana Varela Santiago.

Segundo: D. Jorge Santomé Gestido.

Terceiro: Dna. María Colomba López Freire.

SEGUNDO .-Notificar persoalmente aos designados e publicalos mencionados nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO .- Dar conta ao Pleno municipal da presente resolución en consonancia co previsto no artigo 38 do ROF.

RESOLUCIÓN 332/2011

Composición, atribucións e funcionamento da Xunta de Goberno

Constituída a nova Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xuño de 2011, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 22 de maio de 2011 procedese a determinar o novo réxime de organización e funcionamento de este Concello, dentro do que se atopa a Xunta de Goberno Local como órgano de carácter necesario nos concellos que contén con unha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes segundo o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Según dispón o artigo 23 da LRBRL a Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que a preside, e por un número de Concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo Alcalde.

Ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, así como aquelas outras que lle deleguen o Pleno ou o Alcalde ou lle atribúan as Leis.

Na súa virtude, no uso das facultades que a esta Alcaldía lle confiren os artigos 23 de da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación con artigos 43.2, 52 y 53 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se arpoa o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, resolvo:

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno Local do Concello de Moaña, como órgano colexiado de carácter necesario, quedará integrado por esta Alcaldía-Presidencia, que a presidirá e polos seguintes Concelleiros:

- Dna. Susana Varela Santiago.
- D. Jorge Santomé Gestido.
- Dna. María Colomba López Freire.
- Dna. Rosa Solla Veiga.
- D. José Freire Cancelas.

SEGUNDO: A Xunta de Goberno Local asumirá as funcións de asistencia e asesoramento a esta Alcaldía que lle atribúen directamente os artigos 23.2 da LRBRL e 53.1 do ROF, así como as que lle atribúan directamente as leis, e por delegación desta Alcaldía asumirá as seguintes atribucións sen perxucio da súa avocaciónen calquera momento segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común:

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal, e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- A contratación do persoal que precise da constitución de tribunais selectivos.
- A concesión de axudas sociais do persoal municipal e cambios nas situacións administrativas deste persoal.
- A concesión de licenzas urbanísticas, a declaración de caducidade destas licenzas e a remisión de informes urbanísticos a outras administracións. A aprobación das liquidacións correspondentes aos ingresos de dereito público que se deriven do outorgamento de licencias urbanísticas.

- As aprobacións de instrumentos de planeamento de desenrolo do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A concesión de licenzas de apertura e actividade e a declaración da súa caducidade. aprobación das liquidacións correspondentes aos ingresos de dereito público que se deriven do outorgamento de apertura de establecementos.
- As contratacións e concesións de toda clase, cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, os 6.000.000,00 €, incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos da súa competencia para a contratación ou concesión destes e estean previstos no presuposto.
- A adquisición de bens e dereitos, cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere o porcentaxe nin a contía indicados nos seguintes supostos:
 - 1.º.- A de bens inmobles, sempre que estea prevista no orzamento.
 - 2.º.- A de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxo alleamento non se encontre previsto no orzamento.
- A solicitude de subvencións para obras, actividades ou servizos municipais, que expresamente requiran acordo da Xunta de Goberno Local e competencialmente non estea atribuída ao Pleno da Corporación, sen prexuízo de que a Alcaldía efectúe por exclusión as demais solicitudes, ou ben por razóns de urxencia, a Alcaldía efectúe estas actuacións dando conta á Xunta de Goberno Local.
- A resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial do Concello.
- A aprobación da convocatoria e a resolución de concesión de subvencións outorgadas polo Concello.
- A concesión de licenzas de cans de raza perigosa e a súa inscrición no rexistro.
- A aprobación da inscrición de asociacións no Rexistro Vecinal.
- A aprobación de altas e baixas, adopción de acordos de inscricións e xestión dos servizos municipais (ludoteca, escola de música, actividades da terceira idade...)
- A concesión dos vados de vehículos.
- A concesión de autorizacións e permisos da praza de abastos, mercado e venda ambulante.
- A aprobación de sinalizacións e a adopción de medidas de reordenación do tráfico en vías de competencia municipal.
- A concesión, transmisión ou modificación de licenzas de auto turismo.
- A aprobación de certificacións de obras e suministros.
- A autorización e disposición de gastos da súa competencia, con excepción dos gastos de persoal. A aprobación de facturas e o recoñecemento das obrigas, excepto nos capítulos I de gastos de persoal, III de xuros e gastos financeiros e IX de pasivos financeiros.
- A concesión de aprazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos.
- A aprobación de liquidacións dos tributos municipais.
- A aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos.
- A resolución dos expedientes de devolución de fianzas e depósitos.
- A adopción de acordos de devolución de ingresos indebidos ou excesivos.
- A adopción de acordos de compensación de débedas e créditos.

TERCEIRO: Nos acordos que se adopten pola Xunta de Goberno Local por delegación, deberá facerse constar esta circunstancia e se entenderán ditados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos.

Non obstante, esta Alcaldía reservase a posibilidade de avocar en calquera momento a competencia delegada, conforme ao establecido nos artigos 116 do ROF, en relación co artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CUARTO: O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF.

QUINTO: Notificar o presente Decreto aos Concelleiros afectados, o cal surtirá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no do Concello de Moaña.

SEXTO: Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 del ROF, a efectos de que quede enterado do seu contido.

SÉTIMO: Convocar sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local que se celebrará na Sala de Xuntas da Casa Consistorial o vindeiro día 17 de xuño ás 13:00 horas.

OITAVO: A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria realizada pola Alcaldía, celebrará, na Sala de Xuntas da Casa Consistorial sesión ordinaria cada venres ás trece horas, en primeira convocatoria, e, se non existira quórum, unha hora despois, en segunda convocatoria.

RESOLUCIÓN 338/2011

Delegacións de Alcaldía en Concelleiros

Téndose constituído a Corporación Municipal en sesión do Pleno celebrada o día 11 de xuño de 2011. De conformidade coas atribucións conferidas no artigo 21.3 da LBRL, 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, e co artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo da administración local de Galicia, e coa finalidade de acadar unha maior eficacia na xestión municipal, pola presente, RESOLVO:

PRIMEIRO.-Efectuar as seguintes delegacións xenéricas por áreas, nos Concelleiros que se relacionan a continuación:

Delegación de Facenda, Persoal e Réxime Interior e Emprego: D. José Freire Cancelas.

Delegación de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, e Medio Ambiente e Mar: Dna. Susana Varela Santiago.

Delegación de Servizos e Obras (Parroquias e Barrios), e Participación vecinal: D. Ángel Manuel González Riobó.

Delegación de Mobilidade, Transportes e Seguridade Cidadá, Cultura e Patrimonio, Xuventude, Mancomunidade e Protección Civil: Dna. María Colomba López Freire.

Delegación de Deportes: D. Jorge Santomé Gestido.

Delegación de Ensino e Normalización Lingüística: Dna. Rosa María Solla Veiga.

Delegación de Igualdade e Servizos Sociais, e Promoción Económica: Dna. María del Carmen Maya Santomé.

Nestas delegacións entenderase incluídas os seguintes ámbitos de actuación:

1.-Delegación de Facenda:

- 1.1. Dirección dos servizos económicos do Concello (Intervención, Tesourería e Recadación).
- 1.2. Xestión de compras, contratacións e pagos.
- 1.1. Xestión do orzamento municipal.

2.- Delegación de Persoal e Rexime Interior:

- 2.1. Contratacións de persoal.
- 2.2. Xestión e control de persoal. Rexime disciplinario.
- 2.3. Relacións laborais e relacións co Comité de Empresa e Xunta de Persoal.

3.- Delegación de Emprego:

- 3.1. Programas de formación ocupacional.
- 3.2. Promoción do emprego.
- 3.3. Promoción empresarial.

4.-Delegación de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas:

- 4.1. Planeamento básico (Plan Xeral de Ordenación Municipal).
- 4.2. Planeamento de desenvolvemento das actuais NN.SS. e do futuro PXOM.
- 4.3. Xestión de Licencias.
- 4.4. Disciplina urbanística.
- 4.5. Promoción da vivenda protexida.
- 4.6. Obras, infraestruturas e dotacións que requiran a redacción de proxecto técnico e se executen mediante contratación.

5.-Delegación de Medioambiente e Mar:

- 5.1. Proxectos e programas de ordenación e rexeneración do litoral.
- 5.2. Proxectos e programas de mellora e posta en valor do medio natural.
- 5.3. Proxectos e programas de humanización e rexeneración do ambiente urbano.
- 5.4. Limpeza e mantemento de praias, cauces fluviais e espazos naturais.
- 5.5. Prevención e loita contra incendios forestais, dentro das competencias municipais.
- 5.6. Recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos e residuos especiais de competencia municipal.
- 5.7. Hixiene e salubridade pública.
- 5.8. Proxectos e programas relativos aos sectores económicos vinculados ao mar.

6.- Delegación de Servizos e Obras, Parroquias e Barrios:

- 6.1. Obras que non requiran a redacción de proxecto técnico e poidan executarse por administración.

- 6.2. Augas, saneamento e depuración.
- 6.3. Conservación e mellora da rede viaria municipal.
- 6.4. Mantemento e ampliación do alumado público.
- 6.5. Mantemento, mellora e ampliación de zonas verdes e parques públicos.
- 6.6. Limpeza viaria e de espazos públicos.
- 6.7. Mantemento, mellora e ampliación de parques infantís.
- 6.8. Mantemento de colexios e instalacións municipais.
- 6.9. Cemiterios.

7.- Delegación de Participación vecinal:

- 7.1. Relacións cas asociacións veciñais.
- 7.2. Atención ás demandas veciñais nos diversos barrios e parroquias.
- 7.3 Promoción e desenvolvemento de mecanismos participativos no ámbito municipal.

8.- Delegación de Mobilidade, Transportes, Seguridade Cidadá, Protección Civil e Mancomunidade do Morrazo:

- 8.1. Ordenación do tráfico rodado.
- 8.2. Transporte público.
- 8.3. Seguridade cidadá.
- 8.4. Protección Civil.
- 8.5. Mancomunidade.

9.-Delegación de Cultura e Patrimonio:

- 9.1. Programación cultural.
- 9.2. Relacións cos colectivos e asociacións culturais.
- 9.3. Proxectos de dotacións socio-culturais.
- 9.4. Bibliotecas e actividades complementarias.

10.- Delegación de Xuventude:

- 10.1. Xestión da Casa da Xuventude.
- 10.2. Promoción do asociacionismo e da información á xuventude.
- 10.3. Programación xuvenil.

11.- Delegación de Deportes:

- 11.1. Programación deportiva.
- 11.2. Escolas deportivas municipais.
- 11.3. Proxectos de conservación e mellora de infraestruturas deportivas.
- 11.4. Relacións coas sociedades deportivas.
- 11.5. Xestión do Complexo Deportivo do Beque.

12.- Delegación de Ensino e Normalización lingüística:

- 12.1. Escolas de música, gaita, teatro, etc.
- 12.2. Relacións coa comunidade educativa.
- 12.3. Programas e proxectos relativos ao ensino.

12.4. Normalización lingüística.

13.-Delegación de Igualdade e Servizos Sociais:

13.1. Programas de intervención social: prevención da exclusión, loita contra a pobreza, educación para a saúde e loita contra as adiccións, inmigración, etc.

13.2. Programas de dinamización social e cohesión comunitaria.

13.3. Atención ás persoas maiores.

13.4. Atención aos colectivos obxecto de discriminación social.

13.5. Programas de promoción da igualdade de xéneros.

13.6. Ludoteca municipal, gardería, servizos á infancia, etc.

13.7. Sanidade.

14.- Delegación de Promoción Económica:

14.1. Xestión da Praza de Abastos, mercado e venda ambulante.

14.2. Comercio.

14.3. Turismo.

14.4. Industria.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sen prexuízo da súa inmediata entrada en vigor dende a data en que se dicta.”

3.- MODIFICACIÓN SE PROCEDE DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (R.O.M).

O Sr. Alcalde sinala que se presenta unha propostas de modificación. Co cambio de lexislatura se precisa a introducción dos pertinentes cambios. Unicamente vou aclarar os cambios que se introducen. No artigo 20 do Regulamento se prevé que as xuntas de goberno se celebren os venres pola mañá. Entendemos que é máis operativo celebralas nesa hora e data. No artigo 23 se regula as comisións informativas desta forma:

“No uso da súa potestade de autoorganización, o Concello de Moaña, crea as seguintes Comisións Informativas:

Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas, Medio Ambiente e Mar: Celebrará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Rexime Interior e Emprego: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias e así mesmo para aqueles outros que non estean atribuídos a coñecemento doutras comisións. Celebrará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

Comision Informativa de Servizos, Obras, Mobilidade, Transportes, Seguridade Cidadá, Relacions Veciñais, Cultura e Patrimonio, Xuventude, Mancomunidade e Protección Civil: Celebrará sesións os primeiros e terceiros mercores de cada mes.

Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica: *Celebrará sesións os segundos e cuartos mércores de cada mes, decidindo nos empates o voto de calidade do Presidente.*”

O Sr. Alcalde continúa dicindo que as datas de celebración das comisións son as mesmas. Unicamente se introduciron pequenas modificacións operativas, como a inclusión na primeira comisión, do Urbanismo e Medio Ambiente. Na segunda se recolle Facenda e Persoal nunha mesma Comisión, por cuestións operativas. A terceira e cuarta comisión manteñen a mesma periodicidade. Hai outra modificación no artigo 25, respecto da proporción de componentes das comisións informativas e a representación de cada grupo municipal nas comisións. O PP, que está en minoría, contaría con tres membros, o BNG, tres e o PSG-PSOE, un. A oposición contará con maioría:

“ARTIGO 25º.: Tendo en conta a participación de todos os Grupos Municipais e de acordo coa proporcionalidade cada Comisión Informativa estará composta por 7 membros (incluído o Presidente), correspondéndolle a cada Grupo Municipal:

- | | |
|-------------------------------------|-------------|
| - Grupo Municipal do P.P. | 3 membros. |
| - Grupo Municipal do B.N.G. | 3 membros. |
| - Grupo Municipal do PSdeG-P.S.O.E. | 1 membros.” |

Finalmente, no artigo 35, se introducen modificacións nos importes das exclusivas:

ARTIGO 35º.: O Alcalde desempeñara o seu cargo con dedicación exclusiva, percibindo por este concepto unhas retribucións brutas anuais de 13.602,46 euros repartidos en 14 pagas, cantidade que se incrementará anualmente de acordo coas determinacións dos Orzamentos Xerais do Estado para a revisión dos salarios dos traballadores ao servizo das Administracións Públicas.

A Concelleira-Delegada de Urbanismo desempeñará o seu cargo con dedicación exclusiva, percibindo por este concepto unha retribución de 21.770,40 euros brutos mensuais, en 14 pagas, que se incrementará anualmente de acordo coas determinacións dos Orzamentos Xerais do Estado para a revisión dos salarios dos traballadores ao servizo das Administracións Públicas.”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que quere trasladar a súa disconformidade co desenvolvemento da sesión. O pasado luns na reunión da Xunta de Voceiros pedimos o traslado deste Pleno para máis adiante pola ausencia de unha Concelleira, que aínda non pode estar presente. Estase a eliminar a posibilidade de participar na sesión organizativa do Concello de unha maneira perversa e irresponsable. Está presentada unha solicitude de dimisión dende o 14 de xuño. O normal sería aceptar previamente a renuncia e tramitala de forma inmediata, permitindo a toma de posesión da nova Concelleira na sesión organizativa. Esa era a maneira lóxica e sensata de actuar. Á marxe de que Diego Riobó non poida estar presente a un membro da Corporación non se lle permitiu tomar posesión. De unha maneira que se vulnera a vontade desta Corporación, o que terá efectos inmediatos nas próximas semanas ou nos próximos meses. O Goberno Municipal está en minoría de maneira lexítima e debe sabelo dende hoxe e o Alcalde que o dirixe está en minoría, con oito Concelleiros. O Regulamento orgánico

Municipal esixe para a súa aprobación o voto favorable de nove Concelleiros. Votos que non teñen. O Alcalde nin siquiera procurou o mínimo que ten que facer, recoñecer ese feito e negociar acordos para acadar os votos necesarios. Na primeira ocasión que tivo para acadar consenso non o fixo. Impediulle tomar posesión a unha Concelleira e non se sentou a debater cos grupos o contido do Regulamento Orgánico Municipal. Nós, cando contabamos con maioría, tivemos ata catro reunións previamente á Xunta de Voceiros, especialmente respecto da aprobación do ROM. Non se fixo nada, unicamente chamounos para dicir que pensaba. O ROM regula o funcionamento democrático, as comisións informativas, o réxime de dereitos... Non se pode actuar así cun goberno en minoría. O Alcalde esqueceuno. O Alcalde vaillo lembrar nás próximas semanas e meses. En primeiro lugar, levándose vostede o regalo de que o primeiro punto vai ser rexeitado. Todos os acordos que tome logo deste punto van estar contaminados por non aprobar este acordo, estarán viciados de nulidade. O ROM continuará vixente como foi aprobado no mes de xullo do 2007.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE afirma que convén lembrar que ningún Concelleiro do PSG-PSOE votou ao Alcalde e que non teñen ningún pacto co PP para gobernar Moaña. Por si había algunha dúbida. O ROM tradicionalmente apostou pola participación veciñal. Mantemos expectativas de que reflexe na composición dos órganos colexiados a realidade de que o PP está en minoría, tentaremos introducir neste documento medidas fiscalizadoras do funcionamento do Concello e cambios na proporcionalidade das Comisións Informativas. O Pleno debe ter capacidade para nomear ao Presidente do das Comisións Informativas e para nomear ao Presidente do Patronato Beiramar.

A Sra. Varela, Voceira do PP, afirma que as modificacións propostas no ROF están baseadas na legalidade. Non se incumpre nada. No informe do Secretario se sinala: *“Se pretende introducir modificacións no Regulamento Orgánico respecto das dedicacións a percibir por Concelleiros e respecto da composición das Comisións informativas, en consonancia cas propostas que se deben aprobar en Pleno respecto destes asuntos. A proposta se axusta ás previsións legais, respecto da contía e sistemática das dedicacións e respecto da composicións das Comisións Informativas en base ao principio de proporcionalidade establecido pola Lei. Reseñar na liña deste informe e do emitido hai catro anos, que a xuízo deste informante, debería eliminarse do Regulamento orgánico, previsións tan concretas coma estas que están pensadas para unha lexislatura, e que precisan, segundo a normativa local, de acordos expresos paralelos aos do propio Regulamento, e que en ningún caso deben trasladarse máis aló desa concreta lexislatura. O mantemento de tales previsións no regulamento orgánico, nos termos aprobados hai catro anos, ten difícil encaixe legal atendendo á necesaria proporcionalidade na composición das comisións informativas en base á representación corporativa actual, ao principio de que as dedicacións debe extinguirse ca finalización do mandato corporativo e a que suporían unha subversión das maiorías previstas na lei para a adopción dos acordos.”* Como antecedentes, podo dicir que no primeiro Pleno celebrado na lexislatura anterior leváronse estes puntos. Así se fixo hai catro anos. Agora queren que quede para outro Pleno. ¿Cal é o por qué das modificacións que se propoñen?. O aforro. Na composición das comisións informativas antes había nove membros, agora hai sete. Nos votaban en cara que seguimos o programa, o seguimos, a austeridade será o fío condutor deste Goberno As dedicacións exclusivas pasan de catro a dúas. Por participar nas comisións informativas cobrarase 24,79 euros, cada comisión costaba 223,11 euros diarios, agora co PP suporán 173,53 euros. Cada mes hai dez comisións informativas. Falamos de un aforro de cinco mil novecentos corenta e nove euros e setenta céntimos cada ano. Na lexislatura vaise

aforrar vintetres mil setecentos noventa e oito con corenta euros. Respecto ás dedicacións exclusivas, o Alcalde cobrará trece mil seiscentos dous euros e corenta e seis céntimos. A Tenente de Alcalde, trinta e un mil setecentos setenta euros. Na anterior lexislatura o Sr. Millán cobraba noventa e dous mil cento oitenta e cinco euros e oito céntimos. En total, por dedicacións exclusivas, na lexislatura anterior, gastáronse catrocentos setenta e oito mil cento sesenta e tres eurose corenta e seis céntimos 478.163 Agora nesta lexislatura cento corenta e un mil catrocentos noventa e un euros e corenta e catro céntimos A diferenza é evidente. Os números falan.

O Sr. Millán di que sabe que vai ser un gabinete barato. Non sei se se lles vai aplicar a lei de produtividade. Isto afecta a dous puntos que se van debater máis adiante, non neste punto. Aí falaremos de promesas e compromisos. Falaremos da vulneración de dereitos democráticos, cuestión máis importante que os números. Se o PP para gobernar vai precisar que un Concelleiro da oposición se quede na casa. Se imos xogar de maneira democrática. Reiterar dúas cousas. Nós levamos a aprobar o ROM no ano 2007. Como no 2003, 1999, 1995, e 1991. O ROM non é unha ocurrencia dos presentes. É a tradición democrática dos veciños. Non todos os concellos teñen ROM. Agora hai algún que di que algunhas das cousas que figuran no ROM As cousas non deben figurar, iso non o dicía hai catro anos ou oito. Pretende cambiar cousas sen ter os votos necesarios para cambialas, non di que se eliminan, que sexan nulos, solo pide cambialos por outros. A perversión da representación democrática témola nesta sesión e pretenden cambiar un documento sen capacidade para facelo e sen negocialo.

O Sr. Pastoriza afirma que a Voceira do PP leu as conclusións do informe de Secretaría. Nós faremos o mesmo para reafirmar que os cambios necesarios no ROM require maioría absoluta, a necesidade que na Corporación haxa unha maioría que saque adiante a modificación deste Regulamento.

A Sra. Varela afirma que cree necesario falar de cifras na modificación do ROM porque nel se inclúen as dedicacións exclusivas e as asistencias ás sesións, porque supoñen un aforro, redución de gastos para o Concello.

O Sr. Alcalde afirma que quere aclarar que este novo Goberno desexa que esta sexa unha lexislatura de progreso. Sacar a este Concello da situación na que se atopa. Buscamos un concello áxil. Débeselle a todo o mundo. Non podemos retrasar o Pleno máis a toma de decisións porque hai que tomalas xa, decisións importantes para que as empresas non teñan que pechar. Temos informes que acreditan o que se vai aprobar. Nós temos oito Concelleiros, pero o BNG ten sete. Facemos un gran esforzo para tratar de saír dunha situación difícil. A Concelleira que ten que tomar posesión vaina tomar. Houbo dúas reunións e o PP acordou retirar da orde do día o asunto que afectaba ao nomeamento da nova Concelleira, onde habería que contar con ela, o asunto dos consellos escolares. Buscamos axilidade, que isto non se atasque. Na proposta, o PP terá tres Concelleiros nas Comisións Informativas, o BNG, tres, e o PSOE un. Respéctase a proporcionalidade. Contamos con todos vós e cos veciños de Moaña para saír desta situación. Sr. Millán, non manteña ese tono e non ameace o proceso de constitución do Concello. O importante é que isto funcione. A austeridade será o fío constructor deste Goberno. Con esta decisión aforramos catrocentos mil euros cos que pagaremos luz, auga, facturas e sentenzas. Arrimando o homebreiro. Pedimos de vós o mesmo esforzo.

O Sr. Millán sinala que por alusións, a auga non ten que pagala, a luz pode ser, a auga non. En segundo lugar, acaba de facer o discurso que debeu pedir ao principio. Pedir colaboración. Vai atopar no BNG un comportamento diferente ao que vostedes tiveron estes catro anos. Vou

tratalo de Alcalde, cando vostede en catro anos non o fixo nunca. Mentres vostede ocupe ese sillón para min será o meu Alcalde. Comprométome en que as nosas críticas non suporán descalificacións, insulto persoais, calumnias, papeis nos muros de Moaña, deprezándonos e insultándonos. Iso non o verán no BNG. Ademais, van conseguir que aprobemos as actas das sesións plenarias cando vostedes nunca aprobaron unha acta. Agardemos que aí estemos de acordo. No demais, terá vostede que gañalo partindo da desconfianza que nos creou ca súa oposición innomeable. Está moi ben que pague aos pequenos acredores, pero en tres semanas que leva de Alcalde aínda non pagou a ningún pequeno provedor. O último pago fíxose quince días antes do cambio na Alcaldía. Xa está ben de discursos demagóxicos Estaremos antentos a controlar o que fai

O Sr. Pastoriza afirma que no trascurso do último mandato os informes da Intervención sempre amosaron a situación económica do Concello, a situación penosa das fianzas. Semella que agora non o sabía, que se atoparon con iso agora. A diferenza é que vai sacar nos medios cada semana unha firma ca á que o Concello lle debe cartos, ca cantidade que realmente lle debemos. O PSOE ambiciona que os mecanismos de control sobre os pagos de Comisións e Pleno se manteñan, pero vostede pode pagar a quen queira.

A Sra. Varela afirma que preguntan cando se vai pagar e non hai nada para pagar. Ca débeda que ten o Concello.

O Sr. Alcalde di que cando un recibe unha herencia, atopa de todo, pero vós deixastes na ruína a moitas empresas. Solo pagastes aos vosos amigos. Que non pagamos en quince días, imos dicir a verdade, a xente á que lles prometestes que lles iades pagar. Estase traballando nun plan de pagos. Que se poida pagar en tres meses. Nós non temos nada que ocultar. Vostedes si. Os veciños teñen que mirar que hai pura transparencia. Sabemos que houbo nula xestión. Arruinaron aos veciños de Moaña. Esa é a realidade. Fagamos un esforzo para que a seguinte Corporación non atope a mesma situación. Para que isto cambie. Coñecedes a situación das empresas.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía sobre modificación se procede do regulamento orgánico municipal (R.O.M), obtén oito votos favorables, dos Concelleiros do PP, e sete votos en contra, seis dos Concelleiros do BNG, e un do Concelleiro do PSG-PSOE, polo que a proposta non se aproba por non ter o apoio da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

4.- MODIFICACIÓN SE PROCEDE DOS ESTATUTOS DO PADROADO MUNICIPAL BEIRAMAR.

O Sr. Alcalde procede á lectura da proposta:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO PADROADO MUNICIPAL BEIRAMAR.

De conformidade co previsto no regulamento orgánico municipal, procede a rectificación do artigo 33 dos Estatutos do Patronato Beiramar, equiparando o importe das asistencias á Xunta de Goberno do Patronato do Presidente cos importes a percibir polos restantes membros deste órgano colexiado.

A redacción do artigo 33 sería o seguinte:

“CAPÍTULO VIII

REXIME ECONÓMICO DOS MEMBROS DO PADROADO

ARTIGO 33.-

Os concelleiros/as que formen parte da Xunta de Goberno do Padroado Beiramar, xa sexan na súa condición de Vocais ou de Presidente, percibirán a cantidade de 24,79 euros por cada asistencia a xuntas de goberno, tribunais, órganos de contratación e demais órganos colexiados, en concepto de dietas.

Todos os ingresos que perciban os concelleiros/as serán netos. As retribucións dos membros da Xunta de Goberno do Padroado poderán ser revisadas polo Pleno da Corporación ao comezo de cada ano, a proposta da Alcaldía.”

En consecuencia, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación dos Estatutos do Padroado Municipal Beiramar.

SEGUNDO.- Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles -a contar dende o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.”

O Sr. Alcalde engade que no punto das xuntas de goberno do Patronato estabamos ante unha ilegalidade. O Presidente cobraba trescentos euros por sesión. Iso era irregular. Simplemente, cumprimos ca lei. Trátase de aforrar máis de vinte mil euros na lexislatura. A modificación que se fai é para cumprir coa lei. E aforramos vinte mil euros na lexislatura. Tedes os informes no expediente.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG- PSOE, afirma que de haber algunha ilegalidade, foi a do PP cando un Presidente instalou un cobro por dietas das antigas cen mil pesetas. Hai actas que así dan fe. Que o Secretario dea fe en acta onde se diga que é unha ilegalidade cobrar por dietas polo o traballo de un mes. O que é unha ilegalidade é a contradición co ROM que sigue en vigor, o que pode aclarar o Secretario. Hai que centrar o debate.

O Sr. Alcalde di que vai votar en contra e presentar reclamacións na exposición pública, ademais de que entendemos que vaise conformar unha Xunta de Goberno de catro membros, ata agora as Xuntas de Goberno estaban formadas por cinco e sete membros, agora por catro. A Xunta de Goberno é un órgano colexiado, e agora podería reunirse unicamente con dous membros e tomar decisións, deixando fora ao resto dos Grupos. Tamén comparto que a modificación é nula por contradicir o ROM, que non se modificou.

A Sra. Varela di que é unha cuestión de aforro. Se pasa de cobrar setecentos euros, con un mínimo de dous, seiscentos euros ao mes, se pasará a cobrar, o Concelleiro que asista, vintecatro euros e setenta e nove céntimos, sen distincións todos os Concelleiros cobrarán

igual. Pásase de unha comisión informativa do Patronato de sete mil douscentos euros cada ano a cincocentos noventa e catro con noventa e seis euros nesta lexislatura.

O Sr. Pastoriza pide que a Sra. Varela corrixa algo que dixo. Comentou que como mínimo cobraba seiscentos euros cando iso o cobraba como máximo. Nunca se fixeron máis de dúas sesións da Xunta de Goberno ao mes. Engadir que ambicionamos que o Presidente do Patronato sexa nomeado polo Pleno.

O Sr. Alcalde afirma que están os informes no expediente e xurisprudencia que din que o que se estaba a facer era ilegal.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre modificación dos estatutos do Padroado Municipal Beiramar aprobándose por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e sete votos en contra, seis dos Concelleiros do BNG, e un do Concelleiro do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación dos Estatutos do Padroado Municipal Beiramar.

SEGUNDO.- Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles -a contar dende o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.

5.- MODIFICACIÓN SE PROCEDE DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA 2011.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura a proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA 2011

En consonancia cas modificacións introducidas no Regulamento Orgánico Municipal relativas aos dereitos económicos dos membros da Corporación, cómpre proceder á modificación das Bases de Execución do orzamento municipal nos seus puntos referidos ao mesmo asunto, en concreto a “Bases 61” e “Base 62”, eliminando as dedicacións parciais, reducindo os importes das dedicacións exclusivas e establecendo un común importe para os membros das Xuntas de Goberno do Patronato e que quedarían como segue:

Base 61.- Retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial.

1.-Consonte ao disposto no artigo 36 do Regulamento orgánico do Concello de Moaña, recoñécese a posibilidade de desempeño dos cargos de concelleiro/a en rexime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial.

2.-As retribucións para os concelleiros que desempeñen os seus cargos en rexime de dedicación exclusiva ascenden a unhas retribucións brutas anuais de **13.602,46** euros para a Alcaldía e **21.770,40** euros para a Concellería-Delegada de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, e Medio Ambiente, a percibir en catorce pagas iguais de devengo mensual

(doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o día 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano).

Base 62.- Asistencias a sesións de órganos colegiados municipais.

1.- Todos os concelleiros e concelleiras, agás aqueles que perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais:

- a) Sesións do Pleno da Corporación: 65,00 euros por sesión,
- b) Sesións da Xunta de Goberno Local: 24,79 euros por sesión.
- c) Comisións informativas, Xunta de Voceiros, Tribunais, Mesas de Contratación, Comisións de Seguimento, Padroados e demais órganos colegiados: 24,79 euros por sesión.

2.-Para que poida apreжаться a concurrencia efectiva, os concelleiros deberán persoarse no lugar da celebración da sesión na hora da súa convocatoria. Transcurridos como máximo vinte minutos desde a hora da convocatoria da sesión, os membros do órgano colegiado que non estean presentes, non poderán figurar na acta correspondente nin devengarán ao seu favor o dereito ao cobro da asistencia anteriormente regulada.

3.-Para os gastos derivados de desprazamentos extraordinarios ou de longo percorrido, así como para as axudas de custo, os membros corporativos percibirán as contías fixadas para o Grupo 2 nos Anexos do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.-Aprobar inicialmente a modificación das Bases de Ejecución do Orzamento do Concello de Moaña para o ano 2011, nas súas bases 61 e 62 de acordo coa proposta arriba enunciada.

2.-Someter a modificación a información pública mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles para atender reclamacións. De non producirse ningunha, considerarase a modificación aprobada, entrando en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincial.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, anuncia a súa abstención, vaise aprobar por maioría simple en colisión co ROM.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que recurrirán este punto. De aprobarse entraría en contradición ca regulación do ROM.

Non se suscitan máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre modificación das bases de execución dos orzamentos municipais para 2011 aprobándose por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e sete votos en contra, seis dos Concelleiros do BNG, e un do Concelleiro do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

1.-Aprobar inicialmente a modificación das Bases de Ejecución do Orzamento do Concello de Moaña para o ano 2011, nas súas bases 61 e 62 de acordo coa proposta arriba enunciada.

2.-Someter a modificación a información pública mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles para atender reclamacións. De non producirse ningunha, considerarase a modificación aprobada, entrando en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincial.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.

O Sr. Alcalde lee a proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS E DEREITOS ECONÓMICOS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

De conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redación dada pola Lei 11/199 de 21 de abril, proponse ao Pleno, na liña de redución de gastos da Corporación, a supresión das dedicacións parciais da anterior lexislatura e a redución dos importes das dedicacións exclusivas e , en consecuencia, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar o seguinte réxime de dedicación, retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación:

1. Cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva.

Se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva, en réxime de xornada completa, os seguintes cargos da Corporación, cas retribucións que se indican:

- Alcaldía, cunhas retribucións brutas anuais de **13.602,46** euros, a percibir en catorce pagas.
- Concellería-Delegada de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, e Medio Ambiente, cunhas retribucións brutas anuais de **21.770,40** euros, a percibir en catorce pagas.

2. Cargos a desempeñar en réxime de dedicación parcial.

Non se proponen dedicacións parciais.

3. Indemnizacións a favor dos membros da Corporación.

3.1. Indemnizacións por asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno e Comisións Informativas e demais órganos colexiados municipais.

Todos os concelleiros e concelleiras, agás aqueles que perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais:

- a) Sesións do Pleno da Corporación: 65,00 euros por sesión,
- b) Sesións da Xunta de Goberno Local: 24,79 euros por sesión.
- c) Comisións informativas, Xunta de Voceiros, Tribunais, Mesas de Contratación, Comisións de Seguimento, Padroados e demais órganos colegiados: 24,79 euros por sesión.

3.2. Outras indemnizacións por razón do servizo.

Para os gastos derivados de desprazamentos extraordinarios ou de longo percorrido, así como para as axudas de custo, os membros corporativos percibirán as contías fixadas para o Grupo 2 nos Anexos do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Os dereitos económicos dos membros da Corporación serán de aplicación desde o día seguinte á súa aprobación polo Pleno.”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que non vai ser cabalo de batalla as retribucións das persoas cando sexan moderadas e resultado do traballo persoal. Quen cuestiona as retribucións cuestiona o traballo de cada un. Iso é o que se fai con esta proposta. O Alcalde está a despreciar o seu traballo coma despreciou o noso traballo. Isto é demagogia. Desprezará aos traballadores municipais polo que cobran. Desprezará aos Concelleiros de Moaña. Cando o Alcalde de Cngas invrementa en seis mil euros as súas retribucións, o Alcalde de Baiona ponse cincuenta e sete mil euros, cando a Alcaldesa de Mos incrementa as retribucións un 30%, é simpático que o Alcalde de Moaña recorte as retribucións á metade. Durante tres anos cobre mil setecentos cincuenta euros mensuais netos, sen Seguridade Social e retencións do IRPF e acabei cobrando mil catrocentos oitenta e cinco euros ao mes. A algún pareceralle moito ou pouco pero neste Concello un administrativo cobra máis que ese salario. O Alcalde vai cobrar menos que unha media xornada desde traballadores. Pode facer o que queira. Non llo imos reprochar pero si o desprecio que manifestou co traballo destes Concelleiros e agora cos dos seus. Aplaudeno quen pensa que este é un concello de vagos e maleantes. Que o faga estando na oposición ten un pase, que o faga quen ten a representación máxima é moi grave. Non se trata do que se cobra, senón do que se consegue. Se en tres semanas solo se consegue dous camións de asfalto en frío tirados detrás cemiterio, cincocentos euros, vostede débelle a este Concello douscentos euros. O que se lle vai reclamar é o que vostede renda. Moitos veciños pensan que un goberno moi barato pode ser bo. Outros pensarán que co que leva cobrado na Xunta, xuntou cincoecentos mil euros e sabendo que vostede é aforrador ten para tirar un ano tres ou catro meses. Outros se preguntan cómo cobra setecentos setenta euros ao mes co que ten. Se non o saca terá que roubalo. Esas son as versións que circulan.

O Sr. Alcalde responde que espera que o Sr. Millán retire esa expresión. Eu aínda me sinto afortunado cos setecentos euros. Moitos veciños cobran catrocentos euros e non rouban, ao seu lado ten algún compañeiro que nos próximos catro anos non vai cobrar porque non se reincorporou ao seu posto. Non pode ser que acabe insultando. Aclaro que eu non o creo.

O Sr. Millán di que o Sr. Alcalde é un tozudo. Cuspindo para arriba vaille caer na cara. Vostede está preso das súas palabras. Non cumpre cas súas palabras. Faro de Vigo, xoves 21 de maio de 2011: Fervenza asegura que o primeiro que fará será reducir á metade o que cobra Millán, como medida de austeridade. Que ningún dos seus Concelleiros cobrará unha dedicación. ¿O dixo ou non o dixo?. No Atlántico Diario engadiu que o que cobrara o

repartirían entre eles. Como consta en acta da sesión extraordinaria do Pleno de 5 de xullo de 2007, cando dixo: “Na cuestión da Comisión de Urbanismo, neste Departamento temos un arquitecto, dous apareladores, un inspector de obras... A Concellería de Urbanismo non parece que precise de unha adicación exclusiva. O Concello de Moaña sae prexudicado.” Agora que a Concellería ten o mesmo persoal ca no 2007 a Concelleira si precisa ese salario. Para min sería sinxelo ese discurso. Concelleira, o que vostede cobre está ben cobrado. Pero o que non imos preguntar é se traballou de camareira ou no camiión do lixo. Teña a certeza de que nunca máis lle imos falar disto. Solo imos controlar o seu traballo como é o noso deber. O noso respecto persoal. Desexamos que faga un traballo en condicións. De maneira cordial. Que faga as cousas con criterio. Que ninguén lle minusvalore o seu traballo. Nin o Alcalde. O Alcalde non pode seguir catro anos apoiándose na mentira. Na prensa dixo o da metade. Teño aquí a nómina. Enreda cos números. Eu nunca cobreí corenta e dous mil cento oitenta e cinco euros ao ano. Está nos orzamentos. A máxima partida foron trinta e un mil euros anuais. De salario neto habería que reducir o 20%. A Voceira do PP o dixo tamén dos anteriores Concelleiros con dedecacións. O que fixo foi sumar retribucións netas, máis retencións do IRPF e pagos á Seguridade Social, todo xunto. Non pode equiparar eses salarios. Vostede reduciu o anterior salario á metade. Iso é vontade súa. Como a Concelleira. o que queira cobrar, sempre terá o noso apoio. O que os veciños queren é que os atendan. Isto é un caos. (Berros entre o público). Polo que vexo segue o espectáculo agora dende a Alcaldía. Que conste en acta durante a miña intervención as descalificacións de parte do público asistente. Chamouseme enano, mamón, do que cobreí... Poden continuar así catro anos. Iso é habitual que aconteza co que goberna, pero é increíble que pase co que está na oposición. Solo pasou na Alemania no 34. Rectifique as palabras da súa Voceira. Que as cifras que a Concelleira facilitou á prensa diga que incluían os pagos á Seguridade Social e que nas cifras que dan agora non se inclúen os pagos á Seguridade Social. Se non o fai agora será mentira.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE sinala que as contradicións son certas, promesas da campaña electoral. É terrorífico para todos os Concelleiros ter que pasar o mal trago, no primeiro Pleno, de discutir do que uns e outros van cobrar. Feijoo dixo que ía aprobar na Fegamp unhas táboas retributivas dos Concelleiros segundo a dimensións dos concellos, dedicacións e importes. Sei que agora non o mira. Podería usar a maioría na Fegamp para aprobar unhas táboas que sirvan de referencia do que cobran os Alcaldes respecto da media dos concellos. Respecto da economía que presenta, mirei a foto onde vostede compartiu mesa e mantel con Molares para por en marcha a mancomunidade de Vigo, aínda que todos os concellos non estaban aínda constituídos, xa podemos ver que en Nigrán o Alcalde vai cobrar corenta e cinco mil euros ao ano, en Baiona, cincuenta e sete mil euros anuais, con seis dedicacións parciais, en Porriño, cobran todos, cinco totais e catro parciais, en Mos, a Alcaldesa vai cobrar corenta e oito mil seiscientos euros con catro parciais, o Alcalde de Redondela, cincuenta e cinco mil oitocentos euros, Sotelo, corenta e seis mil trescentos euros máis dúas medias dedicacións. O Alcalde de Moaña, setecentos euros, non é un salario que pode ter un alcalde. Iso non é un salario de Alcalde. O salario debe ser hixiénico e transparente. que faga pública a súa declaración de bens e de ingresos cando tome posesión e cando deixe a Alcaldía. En segundo lugar, cando o Goberno anterior trouxo a Pleno a redución de soldos, do 5% de media para os funcionarios, o Goberno reduciu as exclusivas nun 15%. Vostede non o apoiou porque debería aplicarse dende que empezamos a gobernar. Alcalde, faga iso dende que vostede percibe ingresos públicos.

A Sra. Varela, Voceira do PP, sinala que respecto do seu soldo, vai facer o traballo que antes facían dous Concelleiros, Valentín e Daniel. Respecto dos servizos dos técnicos, vou precisar do seu apoio. O meu soldo está xustificado. ¿De onde vimos?. Resulta indiferente. Non se trata de ter títulos ou experiencia, solo de gañas de traballar. Respecto das diferenzas nos soldos con anteriores Goberno, o caso é que segue a haber unha diferenza importante, ca que poderemos aprobar facturas. É unha vergonza discutir canto se vai cobrar cando temos unha débeda importante ahí que apretarse os cintos.

O Sr. Alcalde di que fai falta máis sensatez. Do que aquí se trata é de valentía para aprobar isto. Cando volvades teredes que atender á situación. A Corporación debe apretarse o cinto. Non me faldees de outros alcaldes. Estamos en Moaña e deixastes unha situación desastrosa. Millán, mintes cando falas do soldo. Fala da estafa de hai catro anos cando viñeches aquí cunha maqueta e dixeches que en marzo do 2009 teríamos un auditorio. A grande estafa. Vostede non sinte as cores de Moaña. A situación é esta, vostedes teñen que dar exemplo. ¿Que non aprobamos as actas?. Se vostede nunca as leu. Adicabase a poñer insultos. Estivo catro anos insultando á Corporación. Sabe do motivo polos que nos abstuíamos nas actas, porque vostede insultaba a veciños e compañeiros de Corporación. Estas medidas son drásticas. En Moaña moitos alcaldes nunca cobraron un céntimo. Nós non podemos sacar o soldo aos funcionarios porque os respectamos, non coma ti, Millán. Ca túa falta de respecto, ríndote no Pleno. Mira a situación dos veciños de Moaña. Tentaremos facelo o mellor posible. Facemos un grane sforzo. Apoiadeo. ¿Que en quince días non paguei?. Ti en oito anos arruinaches aos veciños de Moaña.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía.

O Sr. Millán pide uso da palabra.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía sobre aprobación de dedicacións exclusivas e parciais e dereitos económicos dos membros da Corporación, queda aprobada por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e sete votos en contra, seis dos Concelleiros do BNG, e un do Concelleiro do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar o seguinte réxime de dedicación, retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación:

1. Cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva.

Se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva, en réxime de xornada completa, os seguintes cargos da Corporación, cas retribucións que se indican:

- Alcaldía, cunhas retribucións brutas anuais de **13.602,46** euros, a percibir en catorce pagas.
- Concellería-Delegada de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, e Medio Ambiente, cunhas retribucións brutas anuais de **21.770,40** euros, a percibir en catorce pagas.

2. Cargos a desempeñar en réxime de dedicación parcial.

Non se proponen dedicacións parciais.

3. Indemnizacións a favor dos membros da Corporación.

3.1. Indemnizacións por asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno e Comisións Informativas e demais órganos colexiados municipais.

Todos os concelleiros e concelleiras, agás aqueles que perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes asistenciais pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais:

- a) Sesións do Pleno da Corporación: 65,00 euros por sesión,
- b) Sesións da Xunta de Goberno Local: 24,79 euros por sesión.
- c) Comisións informativas, Xunta de Voceiros, Tribunais, Mesas de Contratación, Comisións de Seguimento, Padroados e demais órganos colegiados: 24,79 euros por sesión.

3.2. Outras indemnizacións por razón do servizo.

Para os gastos derivados de desprazamentos extraordinarios ou de longo percorrido, así como para as axudas de custo, os membros corporativos percibirán as contías fixadas para o Grupo 2 nos Anexos do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Os dereitos económicos dos membros da Corporación serán de aplicación desde o día seguinte á súa aprobación polo Pleno.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE REUNIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E XUNTA DE GOBERNO DO PADROADO BEIRAMAR.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONFORMACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E XUNTA DE GOBERNO DO PADROADO BEIRAMAR E REXIME DE REUNIÓN

De conformidade coa proposta formulada pola Alcaldía, e do disposto nos artigos 123 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, nos artigos 23 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal, créanse as Comisións Informativas Permanentes, como órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe e consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á consideración do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxa de adoptarse acordos declarados urxentes. Igualmente, informarán daqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno e da Alcaldía que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles. En consecuencia, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguintes acordos:

PRIMEIRO. Número de Comisións, denominación, composición e ámbito de cada unha delas.
✓ Créanse CATRO Comisións Informativas, ca denominación, número de membros que as integran e materias sobre as que exercerán as súas atribucións, na forma que a continuación se sinala.

✓ **Denominación e ámbito** . As Comisións se denominan da seguinte forma:

Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas, Medio Ambiente e Mar: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias. Celebrará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Rexime Interior e Emprego: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias e así mesmo para aqueles outros que non estean atribuídos a coñecemento doutras comisións. Celebrará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

Comision Informativa de Servizos, Obras, Mobilidade, Transportes, Seguridade Cidadá, Relacions Veciñais, Cultura e Patrimonio, Xuventude, Mancomunidade e Protección Civil: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias. Celebrará sesións os primeiros e terceiros mercores de cada mes.

Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias. Celebrará sesións os segundos e cuartos mércores de cada mes.

✓ **Composición.** Cada unha das Comisións se integra por un número de 7 concelleiros según a seguinte distribución de membros entre Grupos Políticos Municipais:

- Grupo Municipal do P.P. 3 membros.
- Grupo Municipal do B.N.G. 3 membros.
- Grupo Municipal do PSdeG-P.S.O.E. 1 membros.

A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía, que procederá ao nomeamento, e do que se dará conta ao Pleno, sen prexuízo da efectividade inmediata do nomeamento. Poderá designarse un suplente por cada titular. O suplente substituirá ao titular cando este non poida comparecer ás sesión. O Presidente nato de todas as Comisións é o Alcalde, que poderá delegar a presidencia en calquera Concelleiro/a, a proposta da Comisión. Poderá tamén designar un Vicepresidente para substituír o Presidente no caso da súa ausencia.

SEGUNDO. Réxime de funcionamento das Comisións:

As Comisións Informativas celebrarán sesión ordinaria ca seguinte periodicidade:

Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas, Medio Ambiente e Mar: Celebrará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Rexime Interior e Emprego: Celebrará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

Comision Informativa de Servizos, Obras, Mobilidade, Transportes, Seguridade Cidadá, Relacions Veciñais, Cultura e Patrimonio, Xuventude, Mancomunidade e Protección Civil: Celebrará sesións os primeiros e terceiros mercores de cada mes.

Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica: Celebrará sesións os segundos e cuartos mércores de cada mes.

As sesións celebraranse a partires das 20.00 horas na Casa do Concello.

Asemesmo, poderán celebrar sesións extraordinarias cando sexa preciso para ditaminar asuntos do Pleno.

O funcionamento das Comisións se axustará ao previsto para elas no Regulamento Orgánico Municipal e no non previsto nel, no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no non previsto neles, nas disposicións que regulan o funcionamento do Pleno.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto no artigo 7 dos Estatutos do Patronato Municipal Beiramar, será Presidente do mesmo o Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue. Coma Vocais da Xunta de Goberno do Patronato, un Concelleiro/a representante por cada un dos grupos municipais presentes na Corporación. Os grupos municipais designarán tamén un suplente que substitúa ao seu representante titular cando este non poida desempeñar as súas funcións por razón xustificada. A determinación dos representantes dos distintos Grupos Políticos Municipais na XUNTA de Goberno do Patronato realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía, que procederá ao nomeamento, e do que se dará conta ao Pleno, sen prexuízo da efectividade inmediata do nomeamento.

CUARTO.- Efectividade dos acordos.

Este acordo terá efectos inmediatos dende a súa su adopción polo Pleno, sen prexuízo da súa publicación regulamentaria.

A Alcaldía convocará as correspondentes sesións de constitución das Comisións creadas dentro do prazo de dos meses a contar dende a mesma data antes sinalada.”

O Voceiro do BNG, Sr. Millán solicita que o Secretario lle remita mañá copia dos artigos do Regulamento onde se regulan os dereitos dos Concelleiros sobre intervencións no Pleno e o dereito de réplica. O Sr. Millán continúa afirmando que o BNG vaise abster. Hai cuestións que quedan pendentes de modificación no ROM polo que estes acordos poderían ser nulos.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que se vai abster. Os acordos que se toman están en contradicción ca letra do Regulamento Orgánico se o Secretario non para este disparate. Unha vez restituída a maioría a mesma debe refrexarse tanto respecto da presidencia das comisións coma no Presidente do Patronato.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre creación, composición e réxime de reunións das comisións informativas e Xunta de goberno do Patronato Beiramar, quedando aprobada por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e sete abstencións, seis dos Concelleiros do BNG, e un do Concelleiro do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Número de Comisións, denominación, composición e ámbito de cada unha delas.

✓ Créanse CATRO Comisións Informativas, ca denominación, número de membros que as integran e materias sobre as que exercerán as súas atribuciones, na forma que a continuación se sinala.

✓ Denominación e ámbito . As Comisións se denominan da seguinte forma:

Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas, Medio Ambiente e Mar: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias. Celebrará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Rexime Interior e Emprego: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias e así mesmo para aqueles outros que

non estean atribuídos a coñecemento doutras comisións. Celebrará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

Comisión Informativa de Servizos, Obras, Mobilidade, Transportes, Seguridade Cidadá, Relacións Veciñais, Cultura e Patrimonio, Xuventude, Mancomunidade e Protección Civil: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias. Celebrará sesións os primeiros e terceiros mércores de cada mes.

Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica: Que funcionará para asuntos relativos a estas competencias. Celebrará sesións os segundos e cuartos mércores de cada mes.

✓ Composición. Cada unha das Comisións se integra por un número de 7 concelleiros según a seguinte distribución de membros entre Grupos Políticos Municipais:

- Grupo Municipal do P.P. 3 membros.
- Grupo Municipal do B.N.G. 3 membros.
- Grupo Municipal do PSdeG-P.S.O.E. 1 membro.

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía, que procederá ao nomeamento, e do que se dará conta ao Pleno, sen prexuízo da efectividade inmediata do nomeamento. Poderá designarse un suplente por cada titular. O suplente substituirá ao titular cando este non poida comparecer ás sesións. O Presidente nato de todas as Comisións é o Alcalde, que poderá delegar a presidencia en calquera Concelleiro/a, a proposta da Comisión. Poderá tamén designar un Vicepresidente para substituír o Presidente no caso da súa ausencia.

SEGUNDO.- Réxime de funcionamento das Comisións:

As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias ca seguinte periodicidade:

Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas, Medio Ambiente e Mar: Celebrará sesións os primeiros e terceiros martes de cada mes.

Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego: Celebrará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

Comisión Informativa de Servizos, Obras, Mobilidade, Transportes, Seguridade Cidadá, Relacións Veciñais, Cultura e Patrimonio, Xuventude, Mancomunidade e Protección Civil: Celebrará sesións os primeiros e terceiros mércores de cada mes.

Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica: Celebrará sesións os segundos e cuartos mércores de cada mes.

As sesións celebraranse a partir das 20.00 horas na Casa do Concello.

Asemesmo, poderán celebrar sesións extraordinarias cando sexa preciso para ditaminar asuntos do Pleno.

O funcionamento das Comisións se axustará ao previsto para elas no Regulamento Orgánico Municipal e no non previsto nel, no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no non previsto neles, nas disposicións que regulan o funcionamento do Pleno.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto no artigo 7 dos Estatutos do Patronato Municipal Beiramar, será Presidente do mesmo o Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue. Como Vocais da Xunta de Goberno do Patronato, un Concelleiro/a representante por cada un dos grupos municipais presentes na Corporación. Os grupos municipais designarán tamén un suplente que substitúa ao seu representante titular cando este non poida desempeñar as súas funcións por razón xustificada. A determinación dos representantes dos distintos Grupos Políticos Municipais na Xunta de Goberno do Patronato realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía, que procederá ao nomeamento, e do que se dará conta ao Pleno, sen prexuízo da efectividade inmediata do nomeamento.

CUARTO.- Efectividade dos acordos.

Este acordo terá efectos inmediatos dende a súa su adopción polo Pleno, sen prexuízo da súa publicación regulamentaria.

A Alcaldía convocará as correspondentes sesións de constitución das Comisións creadas dentro do prazo de dos meses a contar dende a mesma data antes sinalada.

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DE SESIÓNS DO PLENO DO CONCELLO.

O Sr. Alcalde lee a proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE PERIODICIDADE DE SESIÓNS DO PLENO DO CONCELLO

De conformidade co previsto nos artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e dentro do límite marcado polos preceptos referenciados, e en sintonía co previsto nos artigos 11, 12 e 13 do Regulamento Orgánico Municipal, formúlase a seguinte proposta:

O réxime de sesións do Pleno do Concello será o seguinte: O Pleno celebrará sesións ordinarias o último xoves de cada mes ás 20:00 horas. Se fora festivo celebrarase o día anterior, sempre e cando sexa hábil. Deberá ser convocado alomenos con dous días hábiles de antelación á súa celebración, debendo estar os expedientes completos cos asuntos a tratar a disposición dos Concelleiros/as no mesmo prazo. Non obstante, e por causas xustificadas, o Alcalde poderá convocalo para día distinto do fixado, comunicando esta circunstancia aos Voceiros/as.

O Pleno da Corporación celebrará sesión extraordinaria cando o decida o Presidente ou o soliciten alomenos a cuarta parte do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poida solicitar máis de tres anualmente. O Alcalde convocará o Pleno nos cinco días seguintes á solicitude e a súa celebración non poderá demorarse por máis de 15 días hábiles desde que fora solicitado, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria. Os Plenos Extradordinarios deberán celebrarse en día hábil a partir das 20.00 horas, non sendo que medie acordo distinto de todos os portavoces.

Se o Presidente non convocase o Pleno Extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día

hábil seguinte ao de finalización de dito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo secretario da Corporación a todos os membros desta.

As sesións plenarias convocaranse alomenos con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que teñan carácter urxente, caso no que a convocatoria deberá ser ratificada polo Pleno. En todos os casos, remitiráselle aos Concelleiros a orde do día dos asuntos a tratar.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, pide que se retire o asunto por innecesario, pro reproducir textualmente o que di o Regulamento orgánico ao respecto.

O Sr. Secretario, sinala que se remite a acordo o xa previsto no Regulamento orgánico ao respecto pero que a normativa local obriga a adoptar acordo expreso respecto da periodicidade dos Plenos ao comenzo de cada lexislatura.

O Sr. Alcalde afirma que o que se trae a votación simplemente vai na liña do que se ven facendo e con este acordo cumprimos o que a lei esixe.

Non se suscitan máis intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre periodicidade de sesións do pleno do Concello, quedando aprobada por unanimidade dos presentes.

9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NAS XUNTAS DE COMPENSACIÓN E MANCOMUNIDADE.

O Sr. Alcalde da lectura á proposta sobre representantes municipais na Mancomunidade:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA XUNTA DE GOBERNO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

Segundo o artigo 6 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, son representantes na súa Xunta de Goberno o alcalde de cada un dos concellos participantes, como membro nato e tres concelleiros nomeados polo Pleno da Corporación.

Posto que coa renovación da Corporación Municipal cómpre renovar os representantes elixibles, conforme ao artigo 22.2, letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local e 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

1.-Nomear como representantes do Concello de Moaña, ademais do alcalde, aos seguintes concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago.

D. Angel Manuel González Riobó

D. José Freire Cancelas.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que en conversación co Secretario non me quedou claro quen nomea aos representantes na Mancomunidade, a Xunta de Goberno ou o Pleno, se é Pleno anuncio que imos votar en contra e anuncio que en canto se repoña a situación do noso Concelleiro instaremos acordo para que sexa o Pleno o que nomee aos representantes do Concello na Mancomunidade.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que reitera a vulneración que se está a acometer sobre o dereito de participación dos Concelleiros. O Alcalde vai impedir que se traslade a vontade do Pleno e dos moañeses á Xunta de Goberno da Mancomunidade. Os Estatutos da Mancomunidade falan de Alcalde como membro nato e tres membros máis electos polo Pleno da Corporación. Eses tres membros suxeitos a maiorías e minorías. Se o Goberno non conta ca maioría necesaria o normal é que chegue a acordos cos demais grupos sobre como se distribúen. Neste caso quen goberna se vota contra a parede e decide nomear a eses representantes. Polo tanto, xa se anuncia, que na medida que se poida polo BNG será modificada esta representación do Concello na Mancomunidade. Máis do 60% dos acordos que se acaban de tomar non serven para nada. Non se basean na democracia, na maioría deste Pleno. Que ningún se sorprenda se dentro de un mes ou dous estar persoas deixan de ser os representantes do Concello. Imos ver se acadamos un consenso. Estase a usurpar a representación dos moañeses.

O Sr. Alcalde afirma que ao Sr. Millán hai que lembrarlle que a vontade dos moañeses está nesta mesa. Gañouse nas urnas o 22 de maio e gañouse por vontade da Corporación o 11 de xuño. Vostedes nunca gañaron nas urnas para estar aquí sentados. Esa é a vontade do pobo. Se hai sentido común neste pobo vostede votará sentado aí catro anos. Espero que nestes catro anos non faga o que está a facer hoxe. Espero que sexa colaborador ca maioría da Corporación. As propostas que traemos aquí están respaldadas cos informes da Intervención e da Secretaría. O único que fai vostede é ridiculizar a toda a Corporación e ameazar dicindo que dentro de un mes xa non van a estar nos seus cargos.

O Sr. Millán afirma que non ameaza a ningún. Agardemos que dentro de un mes un Alcalce tan respectuoso ca vontade popular manteña ese respecto cando estean os dezasete Concelleiros presentes. Propuxemos facer este Pleno o 11 ou 12 de xullo, un Pleno en condicións. Agora vai ter que escoitar e padecer as consecuencias ás que lle vai levar as decisións aprobadas neste Pleno, non lle gusta e enfádase. Non se da conta de que segue a chamar Millán, eu chámoo Alcalde. Nós estamos aquí para colaborar. Vai ter máis colaboración da que vostede de una Corporación anterior, aprobando as actas, o demais terá que gañalo.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre nomeamento de representantes municipais na Xunta de Goberno da Mancomunidade de concellos do Morrazo, quedando aprobada por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e sete votos en contra, seis dos Concelleiros do BNG, e un do Concelleiro do PSG-PSOE, co seguinte acordo:

1.-Nomear como representantes do Concello de Moaña, ademais do alcalde, aos seguintes concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago.

D. Angel Manuel González Riobó

D. José Freire Cancelas.

Seguidamente o Sr. Alcalde procede a ler a proposta de nomeamento de representantes municipais nas Xuntas de Compensación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NAS XUNTAS DE COMPENSACIÓN DOS PLANS PARCIAIS O ROSAL-SUR, A-7 DE DOMAIO, A XUNQUEIRA A-II E MONTE DO CON

Sendo necesario proceder á renovación na representación municipal nas distintas Xuntas de Compensación que desenvolven ámbitos de solo urbanizable no Concello de Moaña, propónse ao Pleno da Corporación, conforme ao artigo 22.2, letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local e 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais a adopción do seguinte

ACORDO:

Designar como representante municipal nas Xuntas de Compensación correspondentes aos ámbitos de solo urbanizable O Rosal-Sur, A-7 de Domaio, A Xunqueira A-II e Monte do Con á concelleira de urbanismo, Dna. Susana Varela Santiago.”

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre nomeamento de representante municipal nas Xuntas de Compensación dos Plans Parciais O Rosal-Sur, A-7 de Domaio, A Xunqueira A-II e Monte do Con, quedando aprobada por unanimidade dos presentes co seguinte acordo:

Designar como representante municipal nas Xuntas de Compensación correspondentes aos ámbitos de solo urbanizable O Rosal-Sur, A-7 de Domaio, A Xunqueira A-II e Monte do Con á concelleira de urbanismo, Dna. Susana Varela Santiago.

10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA MESA LOCAL DE COMERCIO.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA MESA LOCAL DE COMERCIO

A Consellería de Economía e Industria remite ao Concello requirimento para a constitución por parte do Concello, da mesa local de comercio.

O artigo 21º da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia establece que en cada concello existirá unha Mesa Local do Comercio, que actuará como órgano colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a Administración local e os axentes representativos do sector comercial. Formarán parte da Mesa Local do Comercio unha persoa representante de cada unha das asociacións locais de persoas comerciantes e de persoas consumidoras existentes no respectivo concello e igual número de

representantes da Administración local, así como unha persoa representante da Administración autonómica, esta última con carácter voluntario. Exercerá a secretaría a persoa designada para o efecto pola Administración local.

Á vista da existencia en Moaña de unha asociación de comerciantes, e de que non hai asociacións de consumidores. Á vista do informe da Secretaría Municipal, de data 23 de marzo de 2011, no que expón que cabería a opción, no caso de que non existan asociacións deste carácter no Concello, acudir a entidades supramunicipais como poden ser entidades representativas de consumidores e usuarios a nivel provincial, polo que procedería incluír un membro representante da asociación de consumidores provincial.

Sendo necesario proceder ao nomeamento de dous representantes municipais para equiparar o número de membros na Mesa das entidades asociativas de comerciantes e usuarios, pola presente se propón ao Pleno, previo á constitución da Mesa, a adopción do seguinte **ACORDO:**

- Designar como representantes municipais na Mesa Local de Comercio ao Alcalde-Presidente coma Presidente da Mesa e a Dna. María del Carmen Maya Santomé e ao Secretario do Concello coma Secretario da Mesa.”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que sería conveniente que o Secretario fixera algunha aclaración. Se no Regulamento se especifica que os representantes do Concello deben ser do Goberno Municipal ou escollidos polo Pleno.

O Secretario Municipal responde que a normativa autonómica non especifica.

O Sr. Millán afirma que hai outra cuestión: ¿Valoráronse todas as entidades que poderían formar parte desta Mesa? ¿Qué entidades van formar parte?

O Secretario sinala que da información que se recabou consta a representación de Fecimo en Moaña e que de consumidores non hai polo que a idea é incluír a asociación de consumidores de ámbito provincial.

O Sr. Millán di que hai máis entidades interesadas en participar. O mellor é retrasalo e valoralo entre todos os Grupos en Comisión. Xa hai meses que se retrasou este acordo para que fose a nova Corporación a que o aprobase. É mellor deixalo para un Pleno posterior para ter maiores garantías, cando ademais non é tan urxente aprobalo.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que cree que hai máis asociacións. Na última Xunta de Voceiros xa houbo dúbidas. É mellor non tomar o acordo agora. En calquera caso, de aprobalo, e unha vez axeitadamente constituída a Corporación será revocado.

O Sr. Alcalde afirma que como non vai afectar á constitución e funcionamento do Concello non hai problema en retiralo, estaba aí pendente por iso se incluíu na orde do día.

O Sr. Pastoriza sinala que non ten moi claro para que vai servir a Mesa, as competencias municipais na materia son moi reducidos. Sí que será necesaria para que aquelas entidades accedan a subvencións, particularmente falo da asociación de comerciantes da praza de abastos, que é a que está a actuar máis dinamicamente. O mellor é retiralo.

O Sr. Alcalde di que non hai problema en retiralo e, en consecuencia, somete a votación a retirada do asunto da orde do día quedando aprobada a retirada por unanimidade dos presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintedúas horas e quince minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO